

CIRCULAR 246



INFORMATIVA DO
COLEXIO OFICIAL DE
PSICOLOXÍA DE GALICIA

XANEIRO / FEBREIRO 2014

XUNTA DE GOBERNO



Mª Rosa Álvarez Prada

Decana



Hipólito Puente Carracedo

Vicedecano / Coordinador da Comisión Intersectorial de Mediación / Responsable da Páxina Web



Concepción Fernández Fernández

Secretaria



Mª Concepción Prado Álvarez

Vicesecretaria / Responsable de Emprego / Responsable da Biblioteca



Miguel Ángel Chouza Ponte

Tesoureiro / Responsable de Servizos



José Luis Domínguez Rey

Vogal / Responsable da Circular Informativa e Correspondente de Infocop



Antonio González Fernández

Vogal / Coordinador da Xunta de Goberno coa Comisión de Ética e Deontoloxía



Ana Isabel Martínez Arranz

Vogal / Coordinadora do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE)



Eva Muíño Gómez

Vogal / Coordinadora do Grupo de Traballo de Tráfico e Seguridade



José Manuel Oreiro Blanco

Vogal / Responsable de Cadernos de Psicoloxía



Concepción Rodríguez Pérez

Vogal / Coordinadora da Comisión Intersectorial de Xénero / Vogalía de Dinámica Sociocultural



Víctor Manuel Torrado Oubiña

Vogal / Vogalía de Formación



Marta Rivas Rodríguez

Vogal

PRÓXIMA CIRCULAR INFORMATIVA DO COPG

Será a N° 247 de marzo/abril de 2014,
e sairá a principios do mes de maio de 2014.
A información terá que ser remitida como data límite
o 15 de abril.

4	Información Xeral
12	Información das Seccións
18	Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE)
20	Grupo de Tráfico e Seguridade
20	Comisión de Ética e Deontoloxía
22	Últimos Colexiados e Colexiadas de Galicia
23	Cursos, Xornadas e Congresos

Editorial

A Lei de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local favorecerá a desaparición do sistema de Servizos Sociais

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia considera que coa aprobación da Lei de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, os Servizos Sociais quedan tremendamente afectados e vinculados ás fluctuacións económicas e á vontade dos dirixentes.

A normativa coincide cun dos momentos de máis demanda e necesidades a cubrir. Coa entrada en vigor desta lei, o servizo público que debe facilitar recursos e itinerarios de inclusión social, garantir a atención ás persoas dependentes, brindar protección e oportunidades sociais e educativas aos menores, queda en vías de desmantelamento.

A norma exixe aos concellos de menos de 20.000 habitantes de prestar ningún deber de atención e limita as funcións e servizos dos municipios restantes, que deberán encargarse de avaliar as necesidades e informar de situacións de necesidade social, así como da atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social.

Hai que salientar que en Galicia a maior parte da poboación vive en núcleos pequenos. Aqueles cidadáns, incluídas as persoas maiores e os menores en situacións de emerxencia social ou aqueles que pola precariedade laboral viven con necesidades cruciais, resultan literalmente desprotexidos, a expensas de que existan recursos económicos que permitan proporcionarlles a atención necesaria e abocados a situacións de extrema pobreza.

Todas as familias ou unidades de convivencia que se atopen en situación de vulnerabilidade, e neste contexto de crise multiplícanse progresivamente, quedan sen atención profesional e sen recursos. O COPG ve alarmante que os servizos comunitarios, que constitúen a canle normal de acceso ao sistema, cos que se garantiza a universalidade do mesmo e que se caracterizan pola súa proximidade ás persoas usuarias, ás familias e á comunidade, estean chamados a desaparecer.

Tamén figura en vías de extinción o labor fundamental dos profesionais na atención e nos servizos de orientación, na educación familiar, no coidado ás persoas nos centros de inclusión e emerxencia social, nos centros de día, centros ocupacionais ou nos programas desenvolvidos por equipos técnicos. Son todos eles recursos específicos para favorecer a igualdade, a autonomía e a calidade de vida das persoas destinatarias.

Desde o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia entendemos que agora é o momento de potenciar e investir no labor dos profesionais da Psicoloxía desde os municipios, con programas e proxectos que dean resposta axeitada ás necesidades das persoas. Así mesmo, consideramos que son de vital importancia as políticas preventivas e de actuación en materia social, precisamente para que a cohesión social non se rompa e a sociedade non se derrube.

Urxe poñer freo a esta decadencia e reflexionar en que tipo de sociedade queremos vivir, pois unha comunidade enferma non se desenvolve nin progresa e a posibilidade dunha vida digna é o primeiro piar dunha vida sa e en definitiva dunha sociedade sa.

Relacións institucionais

A Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, asistiu acompañada da Presidenta da Sección de Psicoloxía Xurídica, M^a Dolores Seijo Martínez, ao acto de presentación da Guía de Peritos Xudiciais 2014, editada pola Unión Profesional de Galicia na que o COPG está integrado, que se celebrou en Santiago de Compostela o 5 de febreiro.



Momento da reunión



M^a Rosa Álvarez Prada





A Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, asistiu á xuntanza do Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela que tivo lugar o 19 de febreiro. O COPG asiste a este Consello Social da USC en representación de Unión Profesional de Galicia, entidade da que forma parte.

A Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, e a Coordinadora do Programa de Atención a Mulleres que Sofren Violencia de Xénero, Fátima López Rodríguez, mantiveron unha reunión coa Secretaria Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia, Susana López Abella, e a Subdirectora Xeral para o Tratamento da Violencia de Xénero, Belén Liste Lázara. Nesta reunión, que tivo lugar o 20 de febreiro, trataron sobre o Convenio para 2014 que regulará a colaboración que desde hai máis de 10 anos se vén desenvolvendo entre ambas institucións en materia de violenciade xénero.



Momento dos actos

A Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, participou nos actos de conmemoración da Festividade do patrón da Psicoloxía celebrados o 21 de febreiro na Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela. A Decana fixo fincapé en que a Psicoloxía nestes tempos é máis necesaria ca nunca e asemade destacou a importancia de todos os ámbitos de intervención: educativo, social e sanitario.

En representación do Colexio



M^a Jesús López Cernadas

A Presidenta da Sección de Intervención Social do COPG, M^a Jesús López Cernadas, xunto coa Secretaria da devandita Sección, M^a José Fares Varela, asistiron ao Foro “Traballamos polo noso Benestar” organizado polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar da Xunta de Galicia, celebrado o 11 de xaneiro en Teo (A Coruña).

Mª Jesús López Cernadas e Montserrat Pérez Suárez, Presidenta e Socia respectivamente da Sección de Psicología da Intervención Social do COPG, asistiron á reunión do Espazo Dialoga, integrado polo Colexio Oficial de Psicología de Galicia e o Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia, celebrada o 17 de xaneiro na sede do COPG.

A Decana, Mª Rosa Álvarez Prada, participou no acto de presentación do libro “Sexualidad y salud. El estudio de la sexualidad humana desde una perspectiva de género”, escrito pola nosa colexiada María Lameiras Fernández, Vicerreitora do Campus de Ourense da Universidade de Vigo. O acto tivo lugar o 20 de febreiro en Compostela.

A Tesoureira da Sección de Psicología da Intervención Social do COPG, Mª Leonor Galiana Caballero, acudiu o 13 de xaneiro á sesión extraordinaria do Consello Galego de Benestar Social da Xunta de Galicia e o 7 de febreiro á reunión do grupo de traballo do citado Consello sobre “Perspectivas de xénero nos servizos sociais.

O COPG e o Consejo General de la Psicología

A Presidenta da Sección de Psicología Educativa do COPG, Manuela del Palacio García, asistiu á reunión da Área de Psicología da Educación do Consejo General de la Psicología, que se celebrou o 18 de xaneiro en Madrid.

O Coordinador da Sección de PTO do COPG, José Luis Domínguez Rey, asistiu á reunión da Coordinadora da División de Psicología do Traballo, das Organizacións e dos Recursos Humanos (PTORH) do Consejo General de COP, que tivo lugar en Madrid o 7 e 8 de febreiro.

AVISO

Aquelas persoas colexiadas que teñan inquietudes relacionadas coa fotografía, pintura ou escultura, teñen á súa disposición a sede colexial para expoñer as súas obras.

As persoas interesadas a tal efecto poden contactar coa Administración do Colexio.



Manuela Del Palacio García



José Luis Domínguez Rey

AVISOS

Rexistro de psicólogos/as especialistas en Psicoloxía Clínica

O COPG creou un rexistro de psicólogos/as especialistas en Psicoloxía Clínica para dar cumprimento ao estipulado no Real Decreto que crea e regula a Especialidade de Psicoloxía Clínica (Real Decreto 2490/1998 do 20 de novembro) e da Lei de Ordenación das Profesións Sanitarias (Lei 44/2003 de 21 de novembro).

Todas aquelas persoas colexiadas que teñades acadado esta titulación do Ministerio e aínda non o presentastes no COPG, tedes que aportar unha copia compulsada do título de especialista para incorporala ao voso expediente e quedar debidamente anotado no citado rexistro de especialistas. Para máis información contactar coa administración do COPG.

A Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, asistiu á reunión da Junta de Gobierno do Consejo General de la Psicología, que se celebrou os días 15 de febreiro en Madrid.

Convocatoria eleccións á Xunta de Gobierno

En cumprimento do disposto no artigo 36 dos Estatutos do COPG (Decreto 114/2008, do 22 de maio da Xunta de Galicia. DOG nº 110, de 9 de xuño de 2008) a Xunta de Gobierno acordou, na súa reunión do 31 de xaneiro de 2014, proceder á convocatoria de eleccións á Xunta de Gobierno do COPG para o día 5 de maio de 2014.

Sinatura dun convenio coa Xunta de Galicia para a elaboración de Informes Periciais

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia asinou un convenio de colaboración coa Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia para a prestación de asistencia pericial á administración de xustiza nos procedementos penais a petición dun xulgado ou cando a proba fose acordada a solicitude dunha persoa beneficiaria de asistencia xurídica gratuíta.

Sesións informativas sobre a Regulación da Psicoloxía Sanitaria

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia celebrou nas principais localidades de Galicia unhas Sesións Informativas con respecto á adaptación do novo contexto lexislativo e profesional para o exercicio da Psicoloxía, co fin de aclarar as dúbidas existentes, así como expoñer os pasos que está a facer o Colexio ao respecto do tema.

O 19 de decembro celebrouse a sesión informativa en Santiago de Compostela, o 18 de xaneiro e o 22 de febreiro tiveron lugar en Vigo; o 25 de xaneiro na Coruña. Os días 1 e 8 de febreiro desenvolvéronse as sesións de Ourense e Lugo respectivamente.

Procedemento de acreditación para o exercicio de Actividades Sanitarias

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia (COPG) vén desenvolvendo un proceso de acreditación para o exercicio de actividades sanitarias a todos aqueles colexiados e colexiadas que o soliciten no COPG e acrediten cumprir os requisitos establecidos na Lei 5/2011 de Economía Social, en principio vixente ata outubro de 2014.

A acreditación serve para inscribir os centros sanitarios e os profesionais vinculados aos mesmos no Rexistro de Centros, Establecementos e Servizos Sanitarios da Xunta de Galicia. Expídese de xeito gratuíto para colexiadas e colexiados do COPG. Información máis detallada na web do COPG <http://copg.copgali-cia.org/regulacion-da-psicologia-no-ambito-sanitario>

AVISOS E ANUNCIOS

Este é un espazo gratuíto reservado para que os colexiados e colexiadas poidan inserir anuncios por palabras, sobre aluguer, compra-venta, ou para compartir despachos profesionais.

❑ Os anuncios enviaranse á Administración do COPG antes do día 15 de cada mes par.

❑ O número máximo de palabras por cada anuncio será de 50.

❑ Para calquera información consultar coa Administración do COPG.

Exemplo: “Alégase despacho de psicoloxía a tempo parcial ou completo de 20 m² na Rúa Santa Margarita, 35. Santiago de Compostela. Tfno.: 981 000 000”.

ACHEGAS DA PSICOLOXÍA 2014.



O 29 de marzo terá lugar un ano máis o encontro Achegas da Psicología, que este ano temos previsto celebrar en Santiago de Compostela.

Neste acto farase entrega do Premio “Dolores Llópez: Psicología e Sociedade 2014”, galardón creado para distinguir á persoa, institución ou asociación que teña contribuído ao desenvolvemento da nosa profesión. A Xunta de Goberno do COPG acordou outorgar o premio nesta 6ª Edición á **veciñanza de Angrois**, que co seu comportamento xeneroso, exemplar e altruísta axudou a salvar vidas no tráxico accidente do tren Alvia acontecido en Santiago de Compostela a noite do 24 de xullo de 2013. O seu nobre xesto devolveunos a confianza na humanidade das persoas, reconfortándonos no medio dunha desgraza tan terrible que marcou a nosa sociedade de xeito irremediable.

Este ano entregarase a distinción de Colexiado de Honra do Colexio Oficial de Psicología de Galicia, co que se pretende enxalzar a dedicación e significar as achegas ao desenvolvemento da nosa profesión.

Como é tradición, tamén se efectuará un recoñecemento aos compañeiros e compañeiras que levan 25 anos de vida colexial de forma ininterrompida, e daráselle a benvida a todos os colexiados e colexiadas que se incorporaron, por primeira vez, ao Colexio Oficial de Psicología de Galicia ao longo do ano 2013.

Recurso de reposición do COPG contra as bases da praza de Directora do Centro de Recuperación Integral de Mulleres que sofren Violencia de Xénero da Xunta de Galicia

O recurso que presentou o Colexio Oficial de Psicología de Galicia contra as bases para a convocatoria da praza de Directora do Centro de Recuperación Integral de Mulleres que Sofren Violencia de Xénero foi admitido pola Vicepresidencia da Xunta de Galicia, tal e como recolle o DOG publicado o 11 de febreiro.

Nas bases reguladoras do 21 de xaneiro de 2014, polas que a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia convocaban a selección para o devandito posto, non se contemplaba a titulación de Psicoloxía como unha das requiridas para optar a el. Por este motivo, o COPG presentou un recurso de reposición no que se solicitaba a inclusión do título de Psicoloxía como válido para a admisión ao proceso selectivo.

De acordo coa resolución ditada pola Vicepresidencia, e como consecuencia da admisión do recurso presentado polo COPG, abriuse un novo prazo de presentación de solicitudes para as persoas tituladas en Psicoloxía.

A Universidade de Umea (Suecia) visita o COPG para coñecer a labor realizada polos psicólogos e psicólogas do GIPCE no accidente ferroviario de Angrois-Santiago

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia recibiu o 15 de xaneiro a un grupo de docentes da Universidade sueca de Umea, que visitaron Galicia para informarse sobre o labor realizado por varias institucións durante o accidente ferroviario de Angrois.

A Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez, explicou xunto coa coordinadora do GIPCE (Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias), Ana Isabel Martínez Arranz, o traballo desenvolvido polos psicólogos e psicólogas de emerxencias do COPG, que atenderon ás familias dos viaxeiros e aos superviventes da traxedia.

Os tres expertos suecos realizaron cuestións sobre o dispositivo de asistencia psicolóxica, que se prestou en todos os puntos sensibles: no lugar do sinistro, nas estacións de tren de



Momentos da reunión

AVISOS

Títulos de Licenciatura en Psicología

Lembrámoslle a todas as persoas que se colegiaron co depósito do título de licenciatura e que aínda non presentaron o título orixinal, que deberán facelo á maior brevidade posible para o seu rexistro.

Deberán traer orixinal e copia, ou enviar unha fotocopia compulsada para arquivar no seu expediente colexial.

Renovación carnés

Se o teu carné está caducado ou caduca en breve, solicita a súa renovación na Administración do Colexio, por teléfono ou por e-mail.

Coruña e Ferrol, na morgue instalada no Multiusos Fontes do Sar e no edificio CERSIA, lugar onde os familiares agardaban información sobre as vítimas.

Na xuntanza, o COPG e os investigadores acordaron o intercambio de documentación sobre a xestión da traxedia ferroviaria por parte do GIPCE, que se desenvolveu dunha maneira autosuficiente e eficaz e polo que o Colexio Oficial de Psicología de Galicia recibiu distintos recoñecementos.

Medios de comunicación

Desde o Colexio Oficial de Psicología de Galicia difundíronse entre os medios de comunicación, tanto de prensa escrita como audiovisual, distintas notas de prensa. A relación dos comunicados pode ser consultada nos seguintes enlaces da páxina web do Colexio: <http://copg.copgalicia.org/comunicacion/prensa> e <http://copg.copgalicia.org/comunicacion/o-copg-nos-medios>.

O COPG xa está presente nas principais redes sociais.

De seguido se reproducen os enlaces de acceso ás mesmas:

f Facebook: <https://www.facebook.com/pages/Colexio-de-Psicolox%C3%ADa-de-Galicia/272841862843280?ref=hl>

t Twitter: [@copgalicia](http://www.twitter.com/copgalicia)

in LinkedIn: <http://www.linkedin.com/groups/Colexio-Oficial-Psicolox%C3%ADa-de-Galicia-4811703/about>



Colexión obrigatoria

De acordo coa normativa vixente, a colexiación é obrigatoria para o exercicio da profesión, e en consecuencia as persoas que non estean colexiadas non poderán exercer como psicólogos e psicólogas.



SECCIÓN DE PSICOLOXÍA E SAÚDE

A modificación do Regulamento de Réxime Interior da Sección de Psicología Clínica deu lugar ao seu cambio de nome polo de **Sección de Psicología e Saúde**, así como a *modificación dos seus criterios de ingreso*, que a partir de agora serán os seguintes:

- Acreditación de traballo actual dentro do campo da psicología vinculada á saúde (certificado de empresa ou copia do contrato no que figuren as funcións que realiza).
- Ter acadado o Título de Especialista en Psicología Clínica ou o Título de Máster de Psicología Xeral Sanitaria.
- Cumprir os requisitos para acadar a inscrición do seu centro de traballo no rexistro de centros, servizos e establecementos sanitarios.
- Estar a realizar a formación como psicólogos/as internos/as residentes na especialidade de Psicología Clínica.
- Acreditación de actividade de formación e/ou investigadora dentro do campo da Psicología vinculada á saúde no ámbito de pregrado ou posgrado

INFORMACIÓN DAS SECCIONS

A información que aparece neste apartado é elaborada e remitida por cada *Sección, Comisión* ou *Grupo de Traballo* do COPG tendo como data límite o 15 de cada mes par.



Novos membros da Xunta Directiva da Sección de Psicología e Saúde

Formación prevista

□ *Hipnose clínica*

Impartido por **Estevo Creus Andrade**, Psicólogo Director do Centro de Intervención Psicolóxica en Santiago de Compostela e formador especializado en hipnose e relaxación, será o encargado de impartir o Curso “Hipnose clínica” que terá lugar en Vigo os días 4 e 5 de abril. O curso será coordinado por **Ignacio Dopico González**, Vogal da Sección de Psicoloxía e Saúde.

Este curso terá un carácter eminentemente práctico, ensaiando e practicando tanto individual como colectivamente as diferentes ferramentas propostas coa fin de fornecer aos alumnos e alumnas coas habilidades e coñecementos básicos para a aplicación da hipnose sexa cal sexa a orientación terapéutica.

□ *Curso sobre psicoterapia*

O 6 e 7 de xuño celebrárase en Santiago de Compostela o Curso “A primeira entrevista en psicoterapia”. Será coordinado por **Luis Carlos Álvarez García**, Tesoureiro da Sección de Psicoloxía e Saúde do COPG e impartido pola Facultativo Especialista de Área de Psicoloxía Clínica do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense (CHOU), **Yolanda Castro Casanova**.

Lexislación

Lémbrese a obriga de **inscribirse como acreditados/as para o exercicio de actividades sanitarias no Rexistro de Centros, Servizos e Establecementos Sanitarios**, de acordo ao regulado na disposición adicional sexta da **Lei5/2011, de 29 de marzo, de Economía Social, a todos aqueles/as que realizan actividades sanitarias e/ou traballan en centros sanitarios**. Asemade, lémbrese tamén a todos as colexiadas e colexiados con consultas propias dedicadas á área de Psicoloxía Sanitaria, **a obriga de inscribir as súas consultas no mencionado rexistro**.

Enlace ao apartado da Sección de Psicoloxía e Saúde da páxina web do COPG: <http://copg.copgalicia.org/seccions/psicoloxia-e-saude>



SECCIÓN DE PSICOLOXÍA EDUCATIVA

Os días 21 e 22 de marzo celebrarase na Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela o **Obradorio: Programa de convivencia para a prevención da violencia escolar e o bullying. Programa TEI**. Será impartido por **Andrés González Bellido**, Psicólogo Clínico e Educativo, Presidente da Sección de Psicoloxía da Educación do Col-legi Oficial de Psicòlegs de Catalunya e Orientador no INS Front Marítim de Barcelona. Con este obradoiro preténdese coñecer, desenvolver e aplicar o programa TEI: titoría entre iguais, non centros educativos, tanto de primaria como de secundaria.

Enlace ao apartado da Sección de Psicoloxía Educativa da páxina web do COPG: <http://copg.copgalicia.org/seccions/educativa>



SECCIÓN DE PSICOLOXÍA DA INTERVENCIÓN SOCIAL

Durante este ano 2014, a Sección de Psicoloxía da Intervención Social apostará por unha nova liña de formación promovendo e difundindo novas estratexias na atención en Servizos Sociais a todos os niveis; así, nos vindeiros meses, teremos xornadas dedicadas a formarnos no uso da actividade artística, da música ou do ioga como ferramentas de traballo aplicadas ao noso campo profesional.

Sairán convocatorias mediante o procedementos habitual para todas estas actividades e esperamos que resulten de interese.

Espazo Dialoga

A Sección de Psicoloxía da Intervención Social segue a manter un espazo de traballo en común co Colexio Oficial de Educadoras e Educadores Sociais chamado Espazo Dialoga, co que intentamos abordar os temas de interese común no desempeño

da profesión. Esperamos que se reincorpore de novo o Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia.

Está programada unha actividade conxunta na que pretendemos dilucidar en que medida nos afectan, como profesionais, as novas leis que entraron en vigor e as liñas xerais da política social actual.

División de Psicoloxía da Intervención Social

Segue en marcha o proceso de inscrición na División de Psicoloxía da Intervención Social, que ten ámbito estatal e que en breve convocará eleccións para a súa directiva. Para formar parte da mesma é preciso estar inscrito. O proceso está na páxina web do Consejo General de la Psicología no enlace <http://www.cop.es/index.php?page=COP-PsSoc> ou ao COPG.

Enlace ao apartado da Sección de Psicoloxía da Intervención Social da páxina web do COPG: <http://copg.copgalicia.org/seccions/intervencion-social>

Como sempre, agradecemos as achegas, mediante o correo electrónico do COPG, de todos os comentarios e/ou suxestións referidas a actividades ou a calquera outra temática relacionada co desenvolvemento da profesión e co funcionamento da Sección.



SECCIÓN DE PSICOLOXÍA DO TRABALLO E DAS ORGANIZACIÓNS

Actividades convenio ISSGA

O vindeiro 13 de marzo terá lugar na sede do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral da Xunta de Galicia (ISSGA) de A Coruña unha xornada monográfica sobre o acoso laboral, enmarcadas dentro do convenio de colaboración que mantén esta institución co Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

Ademais da presentación pública do convenio e da intervención do COPG, participarán **Manuel Lucas Sebastián**, Presidente da Asociación de Ergonomía Andaluza (ERGOAN) do Colexio Oficial de Psicología de Andalucía Occidental e **Rosa Jiménez Romero**,



do mesmo COP e membro do Grupo de Ergonomía, Psicosocioloxía y Salud Laboral (GEPS). A xornada centrarase na avaliación do acoso laboral e a xestión de conflitos interpersonais en entornos laborais.

Así mesmo, para o 14 de marzo, terá lugar unha xornada de formación interna dirixida a técnicos do ISSGA sobre a aplicación do Sistema de Análise Triangular do Acoso (SATA 3.0).

Avaliación en entornos laborais e organizacionais

Lembramos unha vez máis, que o Consejo General de la Psicología en convenio con AENOR puxo a disposición dos profesionais do ámbito dos Recursos Humanos a Norma ISO 10667 encamiñada a mellorar e asegurar a calidade dos procesos de avaliación de persoas en ámbitos laborais. A norma que regula a prestación de servizos de avaliación consta de dúas partes que aluden aos deberes do cliente e aos deberes do proveedor do servizo profesional. Información e consulta: www.aenor.es

Lei de emprendemento (Galicia)

A Lei de emprendemento e da competitividade económica de Galicia, axeitada ao marco comunitario, xa podes consultala (BOE N° 25, de 29 de xaneiro de 2011. Páx. 5352). Propón unha serie de instrumentos de carácter multidisciplinar entre outros os relacionados co desenvolvemento de capacidades, formación, asesoramento, estudos de viabilidade, financiación, titoría, plan negocio, mentoring e servizos de profesionalización. Máis información: <https://www.boe.es/boe/dias/2014/01/29/pdfs/BOE-A-2014-883.pdf>

Eleccións División PTORH

Conforme se establece no Regulamento Interno da División de Psicoloxía do Traballo, das Organizacións e dos Recursos Humanos (PTORH) do Consejo General de la Psicología, no mes de abril convocaranse eleccións dos tres membros electos da Coordinadora en breve. Darase a coñecer aos afiliados e afiliadas o calendario e a normativa electoral. A votación será online, acreditándose a identidade do votante mediante un código.



Afiliación na División de Psicología do Traballo, das Organizacións e dos Recursos Humanos (PTORH) do Consejo General de la Psicología

A afiliación como membro ordinario da División de Psicología do Traballo, das Organizacións e dos Recursos Humanos segue aberta sen data límite. Invítase aos colexiados e colexiadas do Colexio Oficial de Psicología de Galicia a inscribirse na mesma. Podes tramitar a túa inscrición no enlace www.cop.es/ptorh/.

Congresos

□ Coa constitución da Sociedade Científica Española de Psicología Social (SCEPS), creouse un espazo formal de encontro e participación dos psicólogos sociais do ámbito tanto académico como profesional.

O I Congreso da Sociedade e XII Congreso nacional de psicología social, celebrarase en Sevilla do 20 ao 22 de novembro de 2014. Podes atopar máis información en www.sceps.es

□ O IX Congreso iberoamericano de psicología celebrarase en Lisboa desde o 10 ao 13 de setembro de 2014. No tópico de PTO, abordaranse temáticas de emprego e desemprego, formación, conduta do consumidor e de recursos humanos. Máis información: www.fiapopo2014congreso.ps/es / www.ordem-psicologos.pt.es / www.fiapsi.org



Enlace ao apartado da Sección de Psicología do Traballo e das Organizacións da páxina web do COPG: <http://copg.copgalicia.org/secciones/traballo-e-das-organizacions>



XURÍDICA

Dona Cecilia Barros Díaz

Tfno.: 981 894 601

[Martes de 17.00 a 20.00 horas]

Fóra deste horario poderanse realizar as consultas a través do enderezo de correo electrónico a.xuridica@protexdat.com



FISCAL

D. José Luis Iglesias Sexto

Tfno.: 981 588 770

[Venres de 9.00 a 13.00 horas]

GRUPO DE INTERVENCIÓN PSICOLÓGICA EN CATÁSTROFES E EMERXENCIAS (GIPCE)

Proxecto Europeo

O Proxecto Europeo PSYCRIS é deseñar un plan de apoio social para a redución do estres dirixido aos xestores de emerxencias. A Coordinadora do GIPCE **Ana Isabel Martínez Arranz**, foi entrevistada para este proxecto o pasado 10 de xaneiro pola Universidade de Granada e polo Grupo de Emerxencias do Colegio Oficial de Psicólogos Andalucía Oriental, que participan no proxecto. Ademais, colaboran no mesmo outras universidades, centros de investigación, institucións públicas, empresas e outras entidades de España, Alemania, Lituania, Israel, Austria e Luxemburgo.

Por outra parte, o 17 de febreiro, **Ana Isabel Martínez Arranz**, Coordinadora do GIPCE, participou noutra conferencia con outros membros participantes, a representante da EFPA en temas de emerxencias e a Coordinadora do RIPE.

Máis información: <http://psycris.eu/es>

Formación

Interna

- O 18 de xaneiro celebrouse na sede do COPG a **Xornada técnica sobre a intervención no accidente do tren Alvia**. Nesta xornada analizouse a nosa actuación desde a activación ata o peche durante a intervención. O obxectivo foi que os participantes tiveran unha visión real do que se fixo a nivel global e tamén ir aclarando distintos aspectos desta intervención de cara optimizar accións a nivel interno e relacionados con outros grupos profesionais.

- O pasado 15 de febreiro, coordinado por **Aurora Rozadilla Arias**, membro da Coordinadora do GIPCE, celebrouse a **Xornada práctica “Repensando as intervencións”**. O Obxectivo da mesma foi o de analizar os diferentes aspectos acontecidos nas intervencións e gardas levadas a cabo para poder extraer pautas de actuacións futuras.

Formación externa

- Xornadas de emerxencias e autocoidado:

Estas xornadas tiveron lugar no Pazo da Cultura de Narón o 31 de xaneiro e o 1 de febreiro. Como representantes do GIPCE foron **Concepción López Martín** e **Mª del Carmen González Hermo**.



Momento da Xornada celebrada o 18 de xaneiro



Momento da Xornada celebrada o 15 de febreiro



Reunión do grupo de gardas



Ana Isabel Martínez Arranz con varias compañeiras do Grupo de Emerxencias do COPAO

- Formación para outros colexios profesionais sobre a intervención no accidentes do tren Alvia:

O 11 de xaneiro a Coordinadora do GIPCE, Ana Isabel Martínez Arranz, impartiu ao Grupo de Emerxencias do Colegio Oficial de Psicólogos de Andalucía Oriental, un curso de formación sobre a intervención do GIPCE no accidente do tren Alvia. Este tivo unha duración de 8 horas e participaron tamén membros da Universidade de Granada que participan no Proxecto PsyCris.

Actividades previstas

- Coordinado por **M^a Elena González Cid**, os días 23 e 24 de maio tense previsto celebrar o **Curso de intervención con intervinientes**.
- A Comisión Coordinadora do GIPCE ten previsto invitar a forenses, policía científica e nacional e algún compañeiro do Hospital Clínico Universitario de Santiago de Compostela para que nos comenten a intervención nos seus respectivos ámbitos de actuación na **Xornada de intervención no accidente do tren Alvia** con outros profesionais os días 28 e 29 de novembro.

Gravacións das experiencias de intervención no accidente do tren Alvia

O GIPCE vai facer a gravación das experiencias de intervención os días posteriores ao accidente do tren en Angrois. A súa finalidade é que serva non só como un histórico da intervención, senón como material para utilizar en futura formación.

Tradución de material do GIPCE

Estanse a traducir ao castelán e ao inglés tanto a Circular Informativa especial GIPCE sobre a intervención no accidente do tren Alvia como a Guía de autoaxuda para persoas afectadas por situacións críticas, xa editada, e a Guía de autocoidado para intervinientes en situacións críticas, que está por editarse. Inténtase desta forma tanto difundir o traballo realizado desde o Grupo fóra da nosa comunidade como proporcionar unha ferramenta útil a outros compañeiros e compañeiras doutros grupos de emerxencias, nacionais e internacionais, a través do RIPE.

Enlace ao apartado do GIPCE da páxina web do COPG: <http://copg.copgalicia.org/grupos-comisions/gipce>

Programa Psicovial

O pasado 8 de xaneiro finalizaron os seis meses de intervención no Grupo do Programa Psicovial, programa piloto, de intervención longa con penados/as por delitos relacionados coa Seguridade Viaria. As sesións individuais ampliáronse ata finais de marzo. Este programa estase desenvolvendo en plan experimental desde xuño de 2013, realizándose durante unha sesión semanal na sede do Colexio. Esta Coordinado por **M^a Jesús Sánchez Peteiro** e **Eva Muíño Gómez**, coa colaboración na elaboración de materiais de traballo, totalmente desinteresada, de todos os membros da Comisión do Grupo: **Pilar Casal Devesa**, **Eduardo Anoeta Rodríguez**, **Rosa M^a Domínguez Cameán**, **Carlos Gestal Gestal**, **María Mariño Barca** e **Juan Bonome Rodal**.

Agora mesmo atópanse en fase de seguimento de cara a lograr o mantemento do cambio. Consideramos esta experiencia como moi enriquecedora e enormemente ilustrativa de cara a servir de orientación para a abordaxe de formatos terapéuticos no ámbito do tráfico.

GRUPO DE TRÁFICO E SEGURIDADE



De esquerda a dereita:
M^a Jesús Sánchez Peteiro e
Eva Muíño Gómez

Artigo N^o 15

Cando se ache diante de intereses persoais ou institucionais contrapostos, procurará o/a Psicólogo/a realiza-la súa actividade con máxima imparcialidade. A prestación de servizos nunha institución non exige da consideración, respecto e atención ás persoas que poidan entrar en conflito coa institución mesma e das cales o/a Psicólogo/a, naquelas ocasións en que lexitimamente proceda, haberá de facerse valedor ante as autoridades institucionais.

Artigo N^o 25

Cando se faga cargo dunha intervención sobre persoas, grupos, institucións ou comunidades, o/a Psicólogo/a ofrecerá a información adecuada sobre as características esenciais da relación establecida, os problemas que está abordando, os obxectivos que

COMISIÓN DE ÉTICA E DEONTOLOXÍA

Enlace ao apartado da Comisión de Ética e Deontoloxía da páxina web do COPG: <http://copg.copgalicia.org/grupos-comisiones/comision-de-etica-e-deontologia>

Programa SEVIME

O 9 de xaneiro levouse a cabo outro grupo do programa SEVIME, en colaboración coa Policía Local de Vigo, coa asistencia de 7 mozos menores con delitos relacionados coa seguridade viaria. O programa SEVIME leva desenvolvéndose durante os últimos cinco anos en colaboración coas policía locais de Pontevedra e Vigo. En todo este tempo agradecemos a **Teresa Antelo Silva** e **María Mariño Barca**, ambas do Grupo de Tráfico, polo seu desempeño profesional e as aportacións do seu tempo de maneira totalmente desinteresada, o cal permitiu o desenvolvemento deste programa.

Informacións

Agradécense as aportacións e suxestións de probas e test, tan completas, que varios membros do Grupo fixeron chegar ao Colexio. En función de todas estas suxestións realizouse un pedido de 14 probas que estarán a disposición dos membros do Grupo de Tráfico e da Seguridade a partir do día da reunión do Grupo que será o 29 de marzo. Nesta reunión organizarase a forma de usar gratuitamente estes test coa idea de recabar experiencia e opinións para o seu uso no contexto do tráfico.

Enlace ao apartado do Grupo de Tráfico e Seguridade da páxina web do COPG: <http://copg.copgalicia.org/grupos-comisions/trafico-e-seguridade>

se propón e o método utilizado. No caso de menores de idade ou legalmente incapacitados, farase saber ós seus pais ou titores. En calquera caso, evitárase a manipulación das persoas e tenderase cara á consecución do seu desenvolvemento e autonomía.

Artigo Nº 48

Os informes psicolóxicos haberán de ser claros, precisos, rigorosos e intelixibles para o seu destinatario. Deberán expresalo seu alcance e limitación, o grao de certeza que sobre os seus varios contidos teña o informante, o seu carácter actual ou temporal, as técnicas utilizadas para a súa elaboración, facendo constar en todo caso os datos do profesional que o emite.



**ÚLTIMOS
COLEXIADOS
E COLEXIADAS
DE GALICIA**

G-1038	José Luis	Fresco Calvo
G-3331	Raquel	Doval López
G-4698	Noelia	Ares Vila
G-4926	Delia	García Moratilla
G-4927	Ana Isabel	Del Pozo Corbeira
G-4928	Ana Belén	Montesa Lou
G-4929	Mónica	Rioboo Bonome
G-4930	Mercedes	Montero Núñez
G-4931	Silvia	Villamarín Toimil
G-4932	Sandra	Iglesias Rodríguez
G-4933	María Carmen	Botana Fernández
G-4934	María Jesús	Quinza-Torroja García
G-4935	Juan Carlos	Alonso Fuentes
G-4936	Cristina	Fernández Quintas
G-4937	Lorena	Francisco Lens
G-4938	Paula	Villar Torres
G-4939	Cristina	Mosteiro Lamas
G-4940	María Soledad	Diéguez García
G-4941	Concepción	López Teijeiro
G-4942	Raquel	Díaz Barreiro
G-4943	Rosa María	Huertas Cejudo
G-4944	Zoraida María	Chao Rivera
G-4945	Ana Belén	Fernández Jorge
G-4946	María Cruz	Doce Rodríguez
G-4947	Fernando	Vidal Salgado
G-4948	María	Pérez Iglesias
G-4949	Gladis	Gil Álvarez
G-4950	Olaya	Vieites Maneiro
G-4951	Marta	Teijeiro García
G-4952	María Luisa	Morgadas Leiros
G-4953	Rita	Álvarez González
G-4954	Tania	Corras Vázquez
G-4955	Laura	Redondo Gutiérrez
G-4956	Alba	Fernández Padrón
G-4957	María Belén	Rey Mariño

CURSOS, XORNADAS E CONGRESOS

Servizo de Información de interese para os colexiados e colexiadas

O COPG non asume –salvo nos casos en que sexa o organizador– nin o contido nin a metodoloxía dos Cursos.

Podedes consultar os Cursos, Xornadas e Congresos que non son organizados polo Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia no apartado de Formación Externa no seguinte enlace da páxina web do COPG:

www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=1

G-4958	Andrea	Rodríguez Feijo
G-4959	Dorleta	Losada Álvarez
G-4960	María Del Mar	Canosa Bastón
G-4961	Ana	González Sanchidrián
G-4962	María	Mora Jauregualde
G-4963	Celtia	Pampín López
G-4964	Sandra	Rodríguez Neira
G-4965	Montserrat	Campos Seijo
G-4966	Lorena	Gómez Martínez
G-4967	María José	Suárez Alcalde
G-4968	Estela	Pereira Nandín
G-4969	Estrella Isabel	Rodríguez Mato
G-4970	Ana María	Cillero Febreiro
G-4971	Milena	de la Fuente Núñez
G-4972	Asunta	Ruíz Prieto
G-4973	Mª Belén	Torrón Ruíz
G-4974	Noelia	Comesaña Rodríguez
G-4975	Josefa Dorita	Pena Gayo
G-4976	Haizea	Mato Garay
G-4977	María Denis	Aragunde Comojo
G-4978	Purificación	Iglesias Armada
G-4979	María	Ortega Laguna
G-4980	Patricia	Conde De Dios
G-4981	María Cristina	Fernández Bamonde
G-4982	Patricia	Yañez Fandiño
G-4983	Beatriz Iria	Pérez Ortega
G-4984	María	Granell Abad
G-4985	Nuria	Revuelto Crespo
G-4986	Patricia	Iglesias Paz
G-4987	David	Doldán Canedo
G-4988	Rubén	López López
G-4989	Beatriz	Dacal Blanco
G-4990	Mª Guadalupe	Fernández González
G-4991	Susana	Crespo Cerezuela
G-4992	Ebenecer	Brid Álvarez

VINDEIRAS ACTIVIDADES FORMATIVAS DO COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA

CURSO PRÁCTICO DE INICIACIÓN Á HIPNOSE

Datas: 11 e 12 de abril de 2014.

Lugar: Hospital Xeral Cíes de Vigo.

Docente: Estevo Creus Andrade.

Organiza e informa: Sección de Psicoloxía e Saúde do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

IX CONGRESO IBEROAMERICANO DE PSICOLOXÍA LISBOA

Datas: Do 9 ao 13 de setembro de 2014.

Lugar: Lisboa-Portugal.

Organiza e informa: Ordem dos Psicólogos Portugueses baixo o auspicio da Federación Iberoamericana de Asociaciónes de Psicoloxía (FIAP).

www.fiapopo2014congresso.ps/es

www.ordemdospsicologos.pt/es

www.fiapsi.org

Colexio Oficial de
Psicoloxía de Galicia



Rúa da Espiñeira, 10-Baixo
15706 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 534 049
Fax: 981 534 983
cogalicia@cop.es
www.cogalicia.es

HORARIO


Inverno

De luns a xoves de 9:00 a 14:00 h
e de 16:00 a 21:00 h, e os venres
de 9:00 a 14:00 h

Redes sociais

 **Facebook:**
www.facebook.com/cogalicia

 **Twitter:** @cogalicia

 **LinkedIn:** www.linkedin.com
(Grupo: Colexio Oficial
de Psicoloxía de Galicia)

Membro da EFPA

Federación Europea de
Asociacións Profesionais
de Psicólogos

2014 POLA PSICO LOXÍA